



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun oficial de 3ª adscrito aos servizos de traída de augas, saneamento e outros de competencia municipal.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun oficial de 3ª adscritos aos servizos de traída de augas, saneamento e outros de competencia municipal, establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Tendo en conta que o único aspirante á praza comunicou a este concello que renuncia ao prazo mínimo establecido de 48 horas para dar a coñecer a valoración de méritos no procedemento de contratación e solicita ser informado da mesma no momento de realización da proba oral.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de admitidos e excluídos no procedemento de contratación en réxime de persoal laboral temporal dun oficial de 3ª adscrito aos servizos de traída de augas, saneamento e outros de competencia municipal:

2.

Admitidos:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|--------------------|-----------|
| ABA VALES, EDUARDO | 47351485M |

Excluídos: ningún

3. Establecer a seguinte composición do tribunal:
4. *Presidente: María Belén García Otero, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.*
Vogais: 4 empregados públicos
 - *José Manuel López Fraga, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.*
 - *José Manuel Pita Sánchez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.*
 - *Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.*
 - *Yolanda María Rodríguez Sánchez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras**Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras.*
5. Que o tribunal seleccionador deberá constituirse o mércores 13 de xuño ás 10:00 horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a valoración da experiencia laboral e dos méritos acreditados polo solicitante.



Concello de Oza-Cesuras

6. Convocar ao aspirante admitido no proceso, para que compareza na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, 33 – Oza ás 10:30 horas dese mesmo día, 13 de xuño de 2018 para a celebración da proba oral, á que deberán acudir provisto do DNI.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo